



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (**BNG**), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas** al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la necesidad de realizar mejoras urgentes en la carretera FE-13 de Ferrol.

La carretera FE-13, conocida como Acceso Norte, de titularidad estatal, es una de las vías con mayor tráfico dentro de la ciudad de Ferrol, por la que circulan miles de vehículos diariamente. Esta es la vía que conecta la carretera de Catabois con la de Castilla, dando acceso también al polígono industrial de Gándara, a los hospitales y con importantes conexiones con la AP-9 y el Parque Empresarial de Boial.

La FE-13, a pesar de su importancia para la fluida circulación del tráfico en la ciudad, acumula baches, grietas, socavones y deformaciones en el firme que la hacen prácticamente intransitable. Esta vía acumula años de falta de medidas de conservación, ya que, aunque fue objeto de una actuación puntual por parte de la Demarcación de Carreteras hace poco más de un año, las obras no solucionaron el problema y el firme ha vuelto a llenarse de baches que ponen en riesgo la circulación.

De hecho, las personas usuarias de esta transitada carretera denuncian la inseguridad vial que supone el mal estado del firme y que les obliga a realizar maniobras imprevistas para intentar evitar las grietas con el consiguiente riesgo de colisiones, salidas de la vía y accidentes.

Es necesario llevar a cabo una actuación integral para rehabilitar la FE-13 y mejorar así la seguridad vial, obras que no pueden quedarse en un parche puntual que desaparece en poco tiempo y solo pospone el problema.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

C.DIP 67792 09/05/2025 13:25





- 1. ¿Está al tanto el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible del mal estado del firme de la carretera FE-13, conocida como Acceso Norte, de la ciudad de Ferrol, que presenta multitud de baches, grietas y socavones que suponen un grave riesgo para la conducción?
- 2. ¿Cómo se explica que se encuentre de nuevo en esta situación, cuando hace poco más de un año se fijó desde la Demarcación de Carreteras una actuación para rehabilitar el firme? ¿No cree el Ministerio que hay que ir más allá de las acciones superficiales y puntuales que no sirven de nada, puesto que no resuelven los problemas?
- 3. ¿Tiene previsto el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible llevar a cabo un plan integral de mejora y reforma de la FE-13 para que los habitantes de la Comarca de Ferrol puedan circular con seguridad por una de las vías más transitadas de la zona?
- 4. Una vez reparada, ¿está incluida en las previsiones del Ministerio la cesión de la FE-13 al Ayuntamiento de Ferrol? ¿Se ha iniciado alguna solicitud o trámite al respecto?

Madrid, 8 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS SECRETARÍA GENERAL **REGISTRO GENERAL**

09 MAY. 2025 11:02:38

Pregunta sobre a necesidade de reparación integral da estrada

FE-13 en Ferrol

Competencia Tipo Expediente Otros Expedientes 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de acometer melloras urxentes na estrada FE-13 en Ferrol.**

A estrada FE-13, coñecida como Acceso Norte, de titularidade estatal, é unha das que máis tránsito soporta dentro da cidade de Ferrol, circulando miles de vehículos a diario. Esta vía é a que conecta a estrada de Catabois coa de Castela, dando tamén acceso ao polígono da Gándara, aos hospitais e con importantes conexións coa AP-9 e o Parque Empresarial do Boial.

A FE-13, a pesar da súa importancia para a boa circulación do tráfico na cidade, acumula fochancas, fendas, buratos e deformacións no firme que a fan case intransitábel. Esta vía acumula anos de falta de medidas de conservación, pois, aínda que foi obxecto dunha actuación puntual por parte da Demarcación de Estradas hai pouco máis dun ano, as obras non serviron para solucionar o problema e o firme volveu encherse de fochancas que poñen en risco a condución.

De feito, as persoas usuarias desta concorrida estrada denuncian a inseguranza viaria que causa o mal estado do firme e que lles obriga a facer manobras imprevistas para tratar de esquivar as fendas co conseguinte risco de choques, saídas de vía e accidentes.

É preciso acometer unha actuación integral para rehabilitar a FE-13 e mellorar así a seguranza viaria, obras que non poden ficar nun remendo puntual que desaparece en pouco tempo e só adía o problema.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
09 MAY. 2025 11:02:38
Entrada 67697



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

- 1. É coñecedor o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel do mal estado do firme da FE-13, coñecida como Acceso Norte, na cidade de Ferrol que presenta multitude de fochancas, fendas e buratos que supoñen un grave risco para a condución?
- 2. Como se explica que, máis unha vez, se encontra nesta situación, cando hai algo máis dun ano se fixo unha actuación por parte da Demarcación de Estradas para rehabilitar o firme? Non cre o Ministerio que hai que superar as actuacións superficiais e puntuais que de nada serven posto que non resolven os problemas?
- 3. Prevé o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel levar a cabo un plan integral de mellora e reforma da F-13 para que os habitantes de Ferrolterra poidan circular con seguridade nunha das estradas máis transitadas da zona?
- 4. Unha vez reparada, entra nas previsións do Ministerio a transferencia da FE-13 ao Concello de Ferrol? Ten algunha petición ou trámite iniciado neste sentido?

Madrid, a 8 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso